

## DOCENTE:

### Hadriana Ordóñez Otero, G-4266

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 2009. Posteriormente a súa licenciatura realizou varios mestrados e especializouse en educación sexual, terapia sexual e de parella en Madrid. Leva máis de 10 anos dedicada ao cambio social desde o ámbito persoal, social e político así como relatora de diversas xornadas, encontros e congresos e autora de publicacións en diversos medios de comunicación (radio, prensa, TV, revistas). De todas as creacións, cabe destacar ser parte da publicación “Violencia contra as mulleres con discapacidade ver e recoñecer os sinais” (2016).

Dentro da súa experiencia profesional destaca o traballo feito para o acompañamento cara ao empoderamento en centros de mulleres con discapacidade durante 7 anos en todo o territorio galego de man da Confederación Estatal de Personas con Discapacidad (COCEMFE) e a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), o deseño e implementación de proxectos dirixidos á Administración Pública (tanto autonómica como local) únicos e innovadores, formar a centros de profesionais do terceiro sector e da Administración Pública en violencia contra as mulleres, xénero, discapacidade, intervención psicolóxica e ter formado parte como profesional de “Dedaleira”, Servizo de Atención Sexolóxica específico para persoas con discapacidade creado por COGAMI e ACADAR.

Actualmente exerce en despacho privado no Centro Médico A Coviña en Rianxo.

## OBXECTIVOS:

Potenciar a visualización e o uso das capacidades do conxunto de profesionais para ser quen de apoiar ao empoderamento das persoas con discapacidade.

## METODOLOXÍA:

A través dunha pedagogía activa, participativa, bidireccional, partindo de preconceptos e buscando a aprendizaxe significativa, preténdese promover o diálogo entre todas/os, facer partícipes aos demais das opinións e adoitar diferentes puntos de vista.

Utilizaranse técnicas expositivas (presentacións power point), discusión de casos prácticos, exploración de literatura, dinámicas grupais e análise de videogravacións.



Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia

# CURSO

## ATENCIÓN PSICOLÓXICA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

### “SE O SINTO, FAREINO CHEGAR”

En trámite a solicitude de acreditación como  
actividade de formación continuada do  
*Sistema Nacional de Salud*

Docente:  
**Hadriana Ordóñez Otero**

Organiza:  
**Sección de Psicoloxía e Saúde do  
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

Coordinadora:  
**María Blanco Suárez**



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia  
Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)  
[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)

■ **DURACIÓN:**

12 horas.

■ **DATAS:**

5 e 6 de outubro de 2018.

■ **LUGAR:**

Aula 1 de formación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (Rúa da Choupana, s/n. 15706 Santiago de Compostela).

■ **Nº DE PRAZAS:**

30.

■ **HORARIO:**

Venres, 5 de outubro de 16:30 a 20:30 horas e sábado, 6 de outubro de 9:30 a 14:00 horas e de 15:30 a 19:00 horas.

■ **PREZOS:**

Psicólogos/as colexiados/as: 60,00 €

Psicólogos/as colexiados/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde: 48,00 €

Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego e estudantes de 4ºde Grao de Psicoloxía: 30,00 €

Psicólogos/as non colexiados/as: 120,00 €

\* Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiados e colexiadas desempregadas.

Bases no seguinte enlace:

[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_formacion\\_para\\_colexiados\\_e\\_colexiadas.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf)

**INSCRICIÓN:**

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

**Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.**

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía. Último día de inscrición: **25 de setembro de 2018.**

**PROGRAMA:**

**VENRES, 5 DE OUTUBRO**

De 16:30 a 17:30 horas:

BLOQUE I: Misión, visión e valores no traballo con persoas con discapacidade. Expectativas e necesidades a alcanzar na acción formativa.

De 17:30 a 18:30 horas:

BLOQUE II: Conceptos, tipos, enfoques e tecido social da discapacidade. Éxitos e retos a alcanzar no trato persoal, social e político ao colectivo con discapacidade.

De 18:30 a 18:45 horas: Descanso.

De 18:45 a 20:30 horas:

BLOQUE III: Traballo práctico con casos reais para a posta en práctica das habilidades activadas e/ou adquiridas.

**SÁBADO, 6 DE OUTUBRO**

De 9:30 a 11:30 horas:

BLOQUE IV: Barreiras e aberturas no eido persoal para encamiñar o éxito terapéutico da persoa usuaria. Ferramentas propias e alleas. Perfil de éxito da e do profesional da psicoloxía para unha intervención de calidade.

De 11:30 a 11:45 horas: Descanso.

De 11:45 a 14:00 horas:

BLOQUE V: Caixa de ferramentas máxicas para respostar ante situacións de estrés derivadas das familias das persoas usuarias. Áreas de principal interese para o traballo terapéutico.

De 15:30 a 19:00 horas:

BLOQUE VI: Traballo práctico con casos reais para a posta en práctica das habilidades activadas e/ou adquiridas.

**BOLETÍN DE INSCRICIÓN  
ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE “SE O SINTO, FAREINO CHEGAR”**

NOME E APELIDOS .....

TFNO. .... E-MAIL .....

Nº DE COLEXIADO/A .....

ENDERZO .....

CIDADE E C.P. ....

PROFESIÓN .....

CENTRO DE TRABAJO .....

N.I.F. ....

Socio/a da Sección de Psicoloxía e Saúde

Solicita factura (achegar datos fiscais)

**XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA**

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamen poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular oponerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal) ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal).

Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro de privacidade ou na páxina web [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)